

## **RICARDO CARVALHO CALERO. LETRAS GALEGAS 2020**

### **TEMA 6**

#### **ÚLTIMOS ANOS (1980-1990)**

##### **XUBILACIÓN E OBRA POSTERIOR**

Ricardo Carvalho Calero xubilase como catedrático de Lingua e Literatura Galega en 1980, ao facer os setenta anos, aínda que seguirá acudindo ao seu despacho na facultade de Filoloxía, daquela radicada na praza de Mazarelos da cidade de Santiago, xa como catedrático emérito.

Este derradeiro período (no que, ademais de en Santiago, pasa longas estadias en Lugo) estará marcado polo distanciamento persoal, lingüístico e ideolóxico do galeguismo oficial (organizado arredor de entidades como Real Academia Galega, a Universidade de Santiago ou o Consello da Cultura Galega) co que colaborara toda a súa vida, sempre desde unha posición de independencia.

Neste tempo de transición desde a ditadura franquista cara á democracia, algúns galeguistas históricos acabaron entrando en política. A Carvalho Calero tamén o convidaron a ir nas listas dalgún partido, pero mantívose fiel á súa decisión de non volver meterse nesas cuestións: “Non posúo nin o temperamento nin a disciplina necesarios”, respondeu aos ofrecementos que se lle realizaron desde distintas forzas. Para Calero, ser artista ou intelectual estaba nos antípodas da actividade política, e durante toda a súa vida amosou un escaso apego a calquera tipo de cargos, que só aceptou cando non lle quedou alternativa.

A esta decisión axudou o seu carácter tímido e retraído, en parte froito das duras circunstancias persoais que lle tocou vivir. E seguramente tamén pesou a súa condición de home de conviccións claras e talante liberal, firme na súa independencia e dignidade individual, algo que manterá ata a fin da súa vida. Así, nesta etapa, será o máis visible defensor do reintegracionismo lingüístico; e por veces colaborador, co relativismo e a distancia que sempre amosou, da causa nacionalista, como xa o fora medio século antes.

Nos seus derradeiros anos de vida, os que coinciden coa década de 1980, Calero recupera unha actividade creativa que deixara de lado para atender o seu compromiso coa docencia, a lingua e a cultura. Para el, que se consideraba a si mesmo sobre todo un autor literario, non debeu ser doado tomar esa decisión de non quitarlle tempo ao seu labor docente para escribir sobre o que lle nacesse da súa inspiración, mais a responsabilidade académica prevaleceu, o que dá idea do seu carácter e do seu compromiso.

Pero a partir de 1980 retoma a publicación de textos literarios, especialmente na poesía. Así, nos seus últimos anos de vida ven a luz os libros de poemas *Pretérito imperfecto* (1980), *Futuro condicional* (1982), *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986) e *Reticências* (1990), e aínda logo do seu pasamento sairá do prelo *Poesía perdida Ricardo Carballo Calero* (1993), da man de Claudio Rodríguez Fer.

En canto ao teatro, a grande achega deste tramo final da súa vida será a publicación dun volume recopilatorio de toda a súa obra dramática, *Teatro completo* (1982), no que se reúnen os títulos *O fillo*, *Isabel*, *A sombra de Orfeu*, *Farsa das zocas*, *A arbre*, *O redondel*, *Auto do prisioneiro* e *Os xefes*.

Tamén na narrativa se publica outro volume similar: *Narrativa completa* (1984), con *A xente da Barreira*, *Os señores da Pena*, *O lar de Clara* (en parte autobiográfico), *As pitas baixo a chuva*, *Os tumbos*, *A cegoña* e *Aos amores serodios*. Pero a maior novidade deste período final da vida de Calero será *Scórpio*, a novela que publica en 1987, xa con 76 anos, un texto en gran medida autobiográfico que será recoñecido co Premio da Crítica ao ano seguinte, 1988.

Asemade, continúa desenvolvendo un intenso labor ensaístico, centrado a partes iguais en cuestións lingüísticas (*Problemas da lingua galega*, 1981; *Da fala e da escrita*, 1983; *Do galego e da Galiza*, 1990; e xa postumamente *Umha voz na Galiza*, 1992) e literarias (*Libros e autores galegos*, 1982; *Letras galegas*, 1984; *Escritos sobre Castelao*, 1984; *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, 1989).

Tamén foi un constante compilador de todo tipo de obras bibliográficas, e a partir do seu regreso a Compostela en 1965 completou unha extensa biblioteca (a rapina de que foi obxecto a súa vivenda durante a guerra civil e as dificultades económicas posteriores non lle permitiron facelo antes). Desde o ano 1997, xa falecido Calero e tras un acordo coa familia, a súa biblioteca forma parte dos fondos bibliográficos do Parlamento de Galicia, xunto co seu arquivo persoal.

A colección está formada por 4.872 volumes de monografías e coleccións de 197 títulos de revistas e outras publicacións periódicas. Entre este legado destacan documentos persoais e docentes, correspondencia, expedientes e recortes de prensa, obra propia e allea..., así como material gráfico (láminas, mapas, planos e carteis). Os fondos atópanse nunha sala da biblioteca do Parlamento galego que leva o seu nome.

### «O GALEGO, UNHA LINGUA ABERTA AO MUNDO»

A partir de mediados da década de 1970, Carvalho Calero amosa claramente a súa preferencia por unha corrente dentro da lingüística galega que busca a aproximación desta lingua ao

portugués, un idioma que naceu da expansión do galego cara ao sur na parte máis occidental da península ibérica. A conversión de Portugal nun Estado independente do resto de España e a expansión do portugués polo resto do mundo fixo que as dúas linguas se separasen, pese ao cal seguen a presentar tantas similitudes que moitos teóricos consideran que aínda hoxe en día se pode falar dun mesmo idioma.

Para Calero, esta deriva cara ao reintegracionismo non era máis ca un exercicio de coherencia consigo mesmo e coa Historia do país: «Eu sempre gostei destas cousas», afirmou referíndose á súa querenza desde novo pola aproximación entre as dúas linguas faladas en ambas as beiras do Miño. E para visibilizar a súa preferencia mudou a grafía do seu primeiro apelido, de Carballo a Carvalho, que neste texto aparece sempre así por respecto á decisión do seu portador.

En canto á defensa da reunificación do galego co portugués por razóns históricas e culturais, Calero considerábase herdeiro de persoeiros coma o padre Feijoo, o padre Sarmiento, Castelao ou Antón Villar Ponte, e da Galicia alén das súas fronteiras da que falaran Murguía ou Otero Pedrayo. Todos eles deixaron escrito dun ou doutro xeito o seu desexo de achegamento lingüístico (e mesmo político e territorial) cos irmáns portugueses.

Pero para Calero tamén se trataba dunha postura coherente no obxectivo de garantir o futuro da lingua: «O galego, ou é galego-portugués ou é galego-español; o demais é unha vía morta», dixo nalgunha ocasión. E no seu caso a escolla estaba clara: integrar o galego no idioma co que forma unha unidade lingüística histórica e abrirse á posibilidade de comunicarse en igualdade cos máis de 200 millóns de falantes de portugués espallados polos cinco continentes, a denominada «lusofonía».

Na súa opinión, os cambios que había que realizar para acadar esa aproximación ao portugués eran moi poucos, e centrados sobre todo no aspecto ortográfico (a lingua escrita, polo tanto), xa que nos planos fonético e morfolóxico apenas afectaría, e no léxico cada área lingüística seguiría empregando os termos propios, tal e como sucede na actualidade coas diferentes zonas galegofalantes.

Porén, esta opción do reintegracionismo foi desbotada polas institucións encargadas de decidir este tipo de cuestións, o que lle custou a Calero quedar relegado da oficialidade cultural e mesmo excluído de entidades e proxectos, ou privado de recoñecementos que por méritos e traxectoria lle era dado recibir.

Malia todo, nos seus últimos anos de vida foi nomeado membro de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e da Associação Galega da Língua (AGAL), así como

da Academia de Ciéncias de Lisboa, precisamente polo seu labor para a aproximación entre o galego e mais o portugués.

En 1982 recibiu unha «homenaxe nacional» na súa cidade natal de Ferrol; e na súa vivenda natal da rúa de San Francisco, número 51, colocouse unha placa coa seguinte inscrición: «Nesta casa naceu o 30 de outubro de 1910 Ricardo Carballo Calero, escritor, lingüista e defensor da cultura galega». Na actualidade, o edificio atópase en ruínas e só se conserva parte da fachada, por máis que desde hai anos existe o compromiso de restauralo e convertelo nun lugar de lembranza arredor da figura de Calero e o seu legado.

En 1984 recibiu a medalla Castelao da Xunta de Galicia, na primeira edición en que se outorgaba este galardón e xunto a outros persoeiros do galeguismo histórico como Xosé Filgueira Valverde, Ánxel Fole, Antón Fraguas, Emilio González López, Xaquín Lorenzo, Ramón Martínez López, Isidro Parga Pondal e Valentín Paz Andrade.

En 1990 o Concello de Ferrol concedeulle o título de Fillo Predilecto da súa cidade natal. Pouco tempo despois, o 25 de marzo dese mesmo ano, Ricardo Carvalho Calero faleceu na súa casa da Carreira do Conde de Santiago de Compostela.

Desde entón, periodicamente teñen lugar congresos, simposios e xornadas que manteñen viva a memoria do polígrafo ferrolán, como as celebradas nos anos 2000 e 2010. Nese mesmo ano 2010, coincidindo co centenario do seu nacemento, instalouse a poucos metros da que foi a súa derradeira morada unha estatua en lembranza dos seus moitos anos de presenza e maxisterio en Compostela, a cidade en que máis tempo viviu.